



BATALLA DE DEBUXANTES "IMPROVISDADO".

BASES DO CONCURSO:

OBXECTO

“IMPROVISDADO – Batalla de Debuxantes” é un certame que une debuxo e muralismo nun formato único e innovador que promove a improvisación e a expresión artística dos/as participantes e facilita novas formas de intervención artística, rompendo cos estándares e “normas non escritas” da arte, na procura da expresión persoal sen cancelas de cada artista.

A finalidade principal desta iniciativa é ofrecer un espazo creativo onde pasalo ben, amosar e apoiar o traballo dos/as artistas multidisciplinares e os seus diferentes estilos e técnicas, favorecendo as relacións e conexións contraculturais mediante a participación activa na rúa.

O certame IMPROVISDADO é unha idea orixinal da Asociación Vella Escola, promovida pola Concellería de Cultura e a OMIX do Concello do Porriño.

DESTINATARIOS/AS

A presente convocatoria vai dirixida a debuxantes e muralistas con idades comprendidas ente os 16 e os 45 anos, de nacionalidade española ou estranxeira que desenvolvan de xeito profesional ou amateur algunha das seguintes disciplinas artísticas relacionadas coa pintura: ilustración, graffiti, tatuaxe, muralismo, banda deseñada, debuxo técnico ou outros estilos de debuxo de man alzada.

DATAS

O certame IMPROVISDADO desenvólvese en 2 fases, a primeira fase online (fase de inscrición e presentación de debuxos) e a segunda fase presencial (competición presencial entre os/as 6 artistas finalistas.

O prazo de presentación de solicitudes e dos debuxos (fase online) será do 15 de marzo ao 31 de agosto de 2021.

BASES

As presentes bases regularán a competición “IMPROVISDADO - Batalla de Debuxantes 2021”.

A participación será en **formato individual** e establécese unha **única categoría de competición**, polo que non existirán seccións diferenciadas por idade, sexo ou nivel artístico.

O certame contempla 2 fases:

NA PRIMEIRA FASE (online) cada participante cubrirá o formulario de inscrición dispoñible na páxina web do certame (www.vellaescola.com/improvisdado) adxuntando 1 ou 2 debuxos de temática libre.

Os debuxos presentados nesta primeira fase do certame estarán realizados en monocromo (branco e negro) e gardarán relación coa estética do “sketch” (bosquexo). **Non se admitirán traballos presentados a cor ou en escala de grises.**

Os/as participantes seleccionados para competir na segunda fase, entregarán os seus traballos orixinas á organización do concurso o día da competición presencial (segunda fase). Estes traballos serán devoltos aos

participantes una vez finalizado o concurso.

NA SEGUNDA FASE (presencial) participarán os/as **6 debuxantes finalistas** da primeira fase que competirán entre eles/as nun espazo decorado con **diferentes soportes ríxidos de cor branco** (nesta edición 2021 o espazo a intervir recreará un “taller mecánico”), onde realizarán a súa intervención artística de **temática libre** (non é preciso desenvolver a mesma obra presentada na primeira fase).

Os/as participantes terán **90 minutos** para realizar a súa obra con liberdade para utilizar o utensilio de pintura que desexen (rotulador, esprai, pincel/brocha/rodillo), pero a **técnica reducirase a man alzada**, dispoñendo só de pintura de **cor negra e branca**.

O soporte sobre o que intervirá cada participante virá determinado por sorteo, mediante o lanzamento dun dado xigante que conterá en cada un dos seus laterais a imaxe do soporte que se vai pintar (paredes / obxectos / mobiliario). O lado do dado que cae cara arriba será o que terá que intervir o/a artista. Non estará permitido intercambiar o soporte a pintar con outros/as participantes.

O xurado presentarlle aos artistas participantes ata **4 probas ou retos** diferentes durante o transcurso

do concurso. Estas probas non serán obrigatorias pero sumarán puntos.

Non estará permitido o uso de plantillas, stickers, selos, compás, proxectores nin outras ferramentas diferentes ás enumeradas anteriormente. Para a realización das obras pictóricas, a entidade organizadora facilitará o soporte, a pintura e os utensilios necesarios, sendo estes o único material admitido.

O concurso estará dirixido por un presentador (speaker) encargado de convocar aos participantes, comunicar o desenvolvemento da competición en todo momento, e dinamizar o concurso.

Os/as participantes deberán presentarse á convocatoria o día e hora indicados sendo a súa ausencia ou retraso motivo de descalificación. Os/as participantes non poderán abandonar o equipamento ata que finalice o evento.

O incumprimento destas bases pode implicar a descalificación do/a concursante, a criterio da organización.

XURADO

O Xurado estará integrado por 3 profesionais independentes relacionados co mundo do debuxo:

- Ilustrador/a profesional.
- Artista profesional especializado/a en muralismo ou graffiti.
- Debuxante convidado ou participante premiado/a en edicións anteriores.
- Secretario/a: representante da directiva da Asociación Vella Escola.

O xurado seleccionará de entre todos os traballos presentados durante o proceso de inscrición (fase online) a **6 finalistas** que participarán na segunda fase presencial do certame, que terá lugar o **sábado 18 de setembro de 2021** en horario de tarde no Parque do Cristo do Concello do Porriño.

Nesta segunda fase o xurado dictará un primeiro, segundo e terceiro posto.

Os/as participantes, polo feito de participar no concurso, aceptan todas e cada unha das bases do mesmo e renuncian de forma expresa a efectuar impugnación algunha das decisións do xurado.

Tódolos debuxos presentados á primeira fase do concurso serán custodiados ata a finalización do certame por parte da organización e non serán cedidos a terceiros nin se fará uso indebido dos mesmos.

CRITERIOS DE VALORACIÓN

Na primeira fase do concurso o xurado valorará as obras presentadas seguindo principalmente os criterios de **Orixinalidade** e a **Calidade** do debuxo en sí mesmo e escollerá a 6 artistas para que compitan de xeito presencial na fase final do concurso.

Na segunda fase do concurso o xurado valorará a:

- **Orixinalidade** e **Calidade** do debuxo presentado.
- **Dificultade** que supón a realización da obra coa ferramenta utilizada en relación ao soporte intervido artisticamente.
- Capacidade de **Improvisación** dos debuxantes
- **Adecuación** da obra aos retos presentados polo xurado
- **Cumprimento do regulamento** da competición (retos/probas).

Non se valorará máis a utilización dunha ou outra técnica en sí mesmo.

Descalificarase aos participantes que non sigan as normas de convivencia do concurso, que pinten fora do espazo outorgado, que afecten gravemente á obra doutro participante ou que realicen obras que expresen motivos violentos, discriminatorios, machistas ou que atenten contra a liberdade das persoas. Os/as participantes deberán

presentarse á convocatoria o día e hora indicados sendo a súa ausencia ou atraso temén un motivo de descalificación. O incumprimento das bases pode implicar a descalificación do concurso, a criterio da organización.

O xurado será flexible na interpretación das obras e terá en conta a liberdade de expresión do/a artista, pero dentro dos límites que como profesionais do debuxo estimen oportuno.

SPEAKER E DJ

O concurso estará dirixido por un presentador (speaker) encargado de convocar aos participantes, comunicar o desenvolvemento da competición en todo momento, e dinamizar o concurso.

Paralelamente ao concurso, desenvolverase unha sesión Dj por parte dun/unha artista convidado/a que aportará o ambiente musical.

PREMIOS

O/a autor/a da peza que acade o primeiro posto, será premiado/a cun **trofeo orixinal e unha dotación económica de 350€**, o segundo premio estará dotado de **200€** e o terceiro premio dotado de **100€**, sendo estas cantidades premios únicos e indivisibles.

O concurso tamén contemplará a posibilidade de aportar **premios especiais en especias**, para os concursantes que con independencia da clasificación obtida no concurso, demostren un talento ou habilidade que destaque sobre o resto (orixinalidade, rapidez, adecuación da obra ao soporte, estratexia...).

Farase entrega aos 6 finalistas do certame dun **diploma ou certificado de participación** que indicará a súa clasificación no concurso.

A entrega dos premios realizarase durante a realización da fase final da competición no espazo previsto para o seu desenvolvemento.

A entrega efectiva dos premios quedará condicionada a que o/a gañador/a cumpra coa totalidade das bases e coa veracidade dos datos aportados na inscrición. O premio é intransferible.

A renuncia ao premio non dará ningún dereito de indemnización ou compensación.

INSCRICIÓN

A inscrición para o certame “IMPROVISDADO” é **de balde** e formalizarase cumplimentando o **formulario de inscrición** dispoñible na páxina web do certame (www.vellaescola.com/improvisdado) **adxuntando tamén a documentación ou imaxes requiridas** nas presentes bases (ver apartado “Documentación Requirida”).

A participación será en **formato individual** e nunha **única categoría absoluta**.

Os debuxos presentaranse por vía **electrónica en formato .jpg .jpeg .png ou .pdf** cunha resolución igual ou superior a 1200px por 1200px, enviándoos escaneados a través do formulario de inscrición, ou no seu defecto, vía correo electrónico a improvisdado@gmail.com co asunto: “INSCRICIÓN CERTAME IMPROVISDADO 2021” utilizando o mesmo correo electrónico para realizar a inscrición.

O prazo de presentación de solicitudes e dos debuxos será de 2 meses contados a partir da publicación do

certame na páxina web da organización.

O prazo de presentación de solicitudes e dos debuxos será **do 15 de marzo ao 31 de agosto de 2021**.

O autor/a gardará o debuxo orixinal para ser presentado na fase final en caso de que sexa requirido.

Non se admitirán solicitudes de inscrición fora do prazo indicado. A data de inscrición considerada será a de recepción do formulario de inscrición ou correo electrónico de ser o caso.

DOCUMENTACIÓN

REQUIRIDA

A inscrición indicará os datos persoais do/a participante e da obra presentada aportando con ela o debuxo e a documentación anexa correspondente para cada caso:

DATOS PERSOAIS*

- Nome e apelidos do/a concursante:
- Nome Artístico/AKA:
- NIF do/a concursante:
- Data de nacemento:
- Domicilio:
- Teléfono de contacto:
- Correo electrónico:

*Estos datos utilizaranse a únicos efectos de localizar aos gañadores/as e protexer as obras presentadas.

OBRA

1) Debuxo: Admítense un máximo de 2 obras por autor/a. Os debuxos deberán ser orixinais e inéditos, realizados a man alzada, en monocromo (branco e negro), gardando a estética do sketch. Non se admitirán debuxos a cor ou en escala de grises.

Nota: O/a autor/a, polo feito de presentaren os debuxos a concurso,

afirma que as obras son orixinais e da súa propiedade, e en consecuencia faise responsable respecto da súa propiedade intelectual e patrimonial por calquera acción por reivindicación, evicción, saneamento ou calquera outra reclamación que ao respecto puideran sobrevir.

2) Documento anexo no que figurarán os datos da obra presentada:

- Título do debuxo:
- Descrición do debuxo:
- Breve presentación do/a autor/a e da súa traxectoria:
- Enlace a portfolio / web do autor/a:

AUTORIZACIÓN

Os/as menores de idade presentarán xunto coa documentación anterior, un modelo de autorización asinada polo representante legal para poder participar no certame. Dita autorización adxuntarase ao formulario de inscrición, o no seu defecto, enviarase directamente ao correo electrónico do certame: improvisdado@gmail.com

CESIÓN DE DEREITOS

As obras realizadas en fase presencial (fase final do concurso) non serán restituídas.

Ao participar no concurso, o/a candidato/a afirma que a súa obra é un traballo orixinal e individual, que o/a participante é o/a único/a propietario/a do traballo e que ningún terceiro é propietario, ten copyright ou marca rexistrada da obra presentada, nin ostenta dereito algún de propiedade industrial ou intelectual sobre a obra presentada.

O/a participante exime de calquera tipo de responsabilidade aos organizadores do concurso ante calquera demanda ou reclamación formulada por parte de terceiros sobre vulneración de dereito algún de propiedade industrial ou intelectual relacionada coa obra presentada.

A participación no concurso implica a cesión á ASOCIACIÓN CULTURAL E DEPORTIVA VELLA ESCOLA dos dereitos de reprodución, distribución e


comunicación pública das obras presentadas, dacordo ao previsto na lexislación sobre Propiedade Intelectual, ben sexa a través da páxina web da ASOCIACIÓN, por correo postal, ou calquera outro medio, todo elo sen ánimo de lucro, e pola duración máxima permitida pola citada lexislación de Propiedade Intelectual.

RESOLUCIÓN

O xurado resolverá calquera incidencia que puidera producirse. Esta será irrevocable. A entidade organizadora non se fai responsable de calquera perda fortuita que poda producirse, nin da custodia, mantemento e conservación das obras realizadas durante a fase final.

As bases do concurso “IMPROVISDADO” estarán dispoñibles para descarga na páxina web do certame ou en defecto, na páxina web da entidade organizadora.

INFOGRAFÍA DO FORMATO DO CERTAME



DESEÑO DO ESPAZO DO CERTAME (2021)




EXEMPLO DE PLANILLA DO XURADO

PUNTUACIÓN	PARTICIPANTES					
	PARTICIPANTE 1	PARTICIPANTE 2	PARTICIPANTE 3	PARTICIPANTE 4	PARTICIPANTE 5	PARTICIPANTE 6
TÉCNICA E CALIDADE ARTÍSTICA						
Técnica de debuxo. Dificultade de realización da obra tendo en conta o utensilio utilizado en relación ao soporte sobre o que se intervén.						
Alta / 6p						
Media / 3p						
Baixa / 1p						
¿Cubre toda a superficie dispoñible?						
100% / 3p						
50% / 2p						
25% / 1p						
CAPACIDADE CREATIVA E DE IMPROVISACIÓN						
Orixinalidade e singularidade da obra pictórica, da súa estética e temática.						
Moi Orixinal / 3p						
Orixinal / 2p						
Pouco Orixinal / 1p						
¿Adapta ou vincula a obra ao soporte no tocante á forma, concepto...?						
Si / 3p						
Non / 0p						
¿Cumpre os retos propostos polo xurado?						
Todos / 4p						
Algún / 2p						
Ningún / 0p						
PENALIZACIÓNS						
A) Non mantén a estética sketch (realiza difuminados, etc.) -1p B) Non respecta as cores permitidas negra e branca (mestura cores pra conseguir escala de grises...) -1p C) Pinta fora do espazo outorgado sen afectar á obra doutro/a participante / -2p D) Utiliza outro utensilio de debuxo diferente ao escollido inicialmente / -3p (non puntúa negativo se isto ocorre coma parte dun dos retos propostos polo xurado) E) Utiliza ferramenta auxiliar pra realizar o debuxo coma unha regra, compás, plantillas, etc. (posto que só se permite a técnica de man alzada) / -3p						
A						
B						
C						
D						
E						
TOTAL PUNTOS						

DESCALIFICACIÓN

- Non presentarse ao concurso á hora convocada.
- Pintar enriba da obra doutro participante de maneira intencionada afectando a unha parte importante da composición.
- Expresar verbal ou pictóricamente ideas ou temáticas sexistas, homófobas ou que atenten contra a dignidade das persoas.
- Cualquera conduta violenta ou incívica cara os/as participantes, xurado, resto do equipo organizativo ou cara o público.

IMAXE DO CERTAME EN FUNCIONAMENTO



VÍDEO DE PRESENTACIÓN

https://www.youtube.com/watch?v=_kTzlrUQg-g

FICHA DE INSCRIPCIÓN (adxuntar co debuxo e portfolio)

Nome Apelidos

Data de nacemento NIF

Teléfono Correo electrónico

Rúa Número Andar Porta

Localidade CP

Título do debuxo

Descrición da obra

.....

.....

.....

.....

Seudónimo do concursante (nome artístico / AKA)

Breve presentación do autor/a e traxectoria

.....

.....

Enlaces a portfolio/web/mostrario.....

POLÍTICA DE PRIVACIDADE

Aos efectos establecidos na Lei Orgánica de Protección de Datos, informámoslle que os datos recollidos a través do presente formulario serán incorporados a un ficheiro de datos de carácter persoal, denominado "IMPROVISADO", coa finalidade da realización das funcións necesarias para a xestión e tramitación correspondente do concurso "IMPROVISADO", tendo coma únicos destinatarios do mesmo os membros da ASOCIACIÓN VELLA ESCOLA e o Xurado, encargados da xestión do propio concurso e a selección dos finalistas, respectivamente.

Os datos contidos no formulario serán cumplimentados de maneira obrigatoria. No caso de non facerse así, a inscrición será desestimada e os datos borrados de maneira inmediata. A cumprimentación do formulario implica a inscrición no concurso e a aceptación das bases do mesmo.

Pódense exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Asociación Cultural e Deportiva Vella Escola por vía postal á dirección c/ Colombia, 6 5ªA · 15200 Noia (A Coruña) ou remitindo correo electrónico (desde a mesma dirección que se introduciu no formulario) á dirección info@vellaescola.com De acordo co establecido no Regulamento de desenvolvemento da Lei que resulte de aplicación, e no caso de que os participantes do concurso sexan menores de idade, a autorización para participar no concurso debe ser otorgada polos seus pais ou tutores. No presente caso, o tratamento dos datos debe ser expresamente autorizado por estes e, por ese motivo, solicítanse determinados datos da persoa que actúa en nome do/a menor. En caso necesario, tales datos serán obxecto de comprobación por parte da Asociación Vella Escola.

AUTORIZACIÓN A MENORES (DE NAI/PAI/TUTOR LEGAL)

Eu, con DNI.....
 autorizo ao meu fillo/a
 con DNI e data de nacemento, a participar no concurso
 de debuxo “IMPROVISDADO 2021” organizado pola Asociación Cultural e Deportiva Vella
 Escola para o día de de en

Número de teléfono:

Coa sinatura da presente autorización, acepto expresamente na súa totalidade as bases do
 concurso, a política de Protección de Datos e a cesión da obra.

En, a de de

Nome e Sinatura:

POLÍTICA DE PRIVACIDADE

Aos efectos establecidos na Lei Orgánica de Protección de Datos, informámoslle que os datos recollidos a través do presente formulario serán incorporados a un ficheiro de datos de carácter persoal, denominado “IMPROVISDADO”, coa finalidade da realización das funcións necesarias para a xestión e tramitación correspondente do concurso “IMPROVISDADO”, tendo coma únicos destinatarios do mesmo os membros da ASOCIACIÓN VELLA ESCOLA e o Xurado, encargados da xestión do propio concurso e a selección dos finalistas, respectivamente.

Os datos contidos no formulario serán cumprimentados de maneira obrigatoria. No caso de non facerse así, a inscrición será desestimada e os datos borrados de maneira inmediata. A cumprimentación do formulario implica a inscrición no concurso e a aceptación das bases do mesmo.

Pódense exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Asociación Cultural e Deportiva Vella Escola por vía postal á dirección c/ Colombia, 6 5ªA · 15200 Noia (A Coruña) ou remitindo correo electrónico (desde a mesma dirección que se introduciu no formulario) á dirección info@vellaescola.com. De acordo co establecido no Regulamento de desenvolvemento da Lei que resulte de aplicación, e no caso de que os participantes do concurso sexan menores de idade, a autorización para participar no concurso debe ser otorgada polos seus pais ou tutores. No presente caso, o tratamento dos datos debe ser expresamente autorizado por estos e, por ese motivo, solicítanse determinados datos da persoa que actúa en nome do/a menor. En caso necesario, tales datos serán obxecto de comprobación por parte da Asociación Vella Escola.